

Sentimentos e paixóns

Á canda das baleas



DORINDA CASTRO SOLIÑO

As baleas son eses xigantes e sufridos seres mamíferos que nalgunha ocasión se usaron como referencia no mundo da escrita feminina en galego que botara a andar baixo o verso de Xohana Torres “Eu tamén navegar”. Logo de anos de andaina, a literatura escrita por mulleres en Galiza é un importante fenómeno cultural. Elas van ocupando hoxe por hoxe o espazo da crítica, dos escaparates das librarías, dos premios literarios, do ciberespazo.... Elas enchen as páxinas en branco superando a metáfora de Rosalía de encher a páxina “mollando no propio sangue a dura pluma”.



Exemplo deste feliz fenómeno emerxente é o caso de Anxos Sumai, (Catoira, 1960) unanimemente recoñecida pola crítica e polo público lector que ve nela a súa sensibilidade, a súa sinceridade, a súa proximidade, a súa escrita que converte o cotián en literatura con metáforas e símiles do máis revelador, o desgarrro ás veces por dentro, a escrita urbana, moderna, directa, que a converten nunha escritora de referencia no panorama literario actual.

O seu laureado camiño comezou hai anos cando no 2004 gaña o Premio da Crítica de Galicia con *Anxos de Garda*, continuou co éxito de *Melodías de días usados* e, logo de estar en contacto durante dous anos co público a través do blog de *cultura galega.org* e colaborar no *Diario Cultural*, foi recoñecida recentemente polos editores como escritora máis destacada no ano 2007. Amais, resultou ser a gañadora do Premio Repsol YPF de narrativa breve na pasada edición (curiosamente cun xurado integrado exclusivamente por homes), coa súa obra *Así nacen as baleas*, que agora acaba de publicar a editorial Galaxia.

Neste caso, as baleas son o obxecto de estudo de Nena, unha xove bióloga mariña narradora e protagonista do relato que volve a casa e reencóntrase co seu pasado. As baleas son tamén o recordo do seu irmán Ramón discapacitado psíquico que foi o único refuxio de tenrura durante a súa infancia. O seu tamaño, o seu colo, a súa morte e o seu corazón de catrocentos quilos, asóciaos Nena cos mamíferos xigantes.

O relato, xénero no que se adentra por vez primeira Anxos Sumai, vainos debullando desde o reencontro coa familia, as circunstancias vividas para chegar á situación actual: unha nai sempre fría e distante que se vai rompendo a medida que rompe as fotos do matrimonio, que agarda as cartas dun marido embarcado e perennemente ausente, que sofre a morte do fillo que é quen daba sentido á súa existencia, o tío Cándido, de apropiado nome, a tía Natalia e a aia Felisa, escuro personaxe que en palabras de Nena, (así anonimamente chamada sempre), recorda a un elefante “paciente pero resentido”. Unha obra que nos retrata un mundo de sentimentos e paixóns, de liberación das ataduras convencionais, que se adentra nas grandezas e miserias do ser humano desde unha moi particular visión e desde a anonimía dun lugar sen nome e uns personaxes nomeados simplemente Pai, Nai ou Nena.

SUMAI, *Anxos, Así nacen as baleas*, Ed. Galaxia, Vigo, 2007, 161 páxinas